

PRESENTA:

AULA MATINAL RURAL



BOS DÍAS !!!

2019/2020

ÍNDICE



- 1. PRESENTACIÓN**
- 2. PRESENTACIÓN DA ACTIVIDADE**
- 3. FINALIDADE DA ACTIVIDADE**
- 4. DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE**
- 5. DATOS DOS/DAS PARTICIPANTES NA ACTIVIDADE**
- 6. HORARIO**
- 7. TARIFA**



1)PRESENTACIÓN

O meu nome é Noemi Castro Bernárdez, son a persoa que dirixe a empresa CASTRO OCIO e queremos presentarvos o proxecto "**AULA MATINAL RURAL 2019/2020**".

Castro Ocio é unha empresa con experiencia no campo das actividades de ocio educativo. Está formada por un gran equipo cualificado (graduados en educación primaria, graduados en educación infantil, pedagogos...) e cunha longa traxectoria profesional.

Somos un equipo de xente nova, moi dinámico e as actividades propostas sempre as exercen profesionais cualificados.

2)PRESENTACIÓN DA ACTIVIDADE

O proxecto que presentamos é a "**Aula Matinal RURAL**".

O noso primeiro propósito é que exista unha seriedade na actividade, que a empresa sexa seria e cumpra todo o que se propón no proxecto e, sobre todo, que os/as nenos/as o pasen ben facendo actividades, xogos...

2. FINALIDADE DA ACTIVIDADE

A intención da Aula Matinal é prestarlles un servizo ás familias, **dada a necesidade de conciliar a vida laboral coa vida familiar**, xa que cada vez é máis común que no núcleo familiar traballen tanto o pai como a nai e vense na necesidade de apoiarse nas actividades de tempo libre. Coa Aula Matinal pretendemos facilitarlles ás familias compaxinar a vida laboral coa familiar e atender a cada alumno/a nun ambiente relaxado e agradable para que os/as nenos/as asistan con ilusión e que os pais e nais teñan a confianza de deixar os seus cativos e cativas en boas mans.

Algúns dos obxectivos que queremos fomentar son:

POTENCIAR o desenvolvemento integral do alumnado tanto no aspecto lúdico como educativo e fomentar valores sociais tales como o compañeirismo, traballo en equipo, coidado do material, actitudes de respecto e tolerancia, normas.....



DINAMIZAR a través de actividades socioeducativas para o alumnado, fomentar e incentivar a participación activa, o desenvolvemento de habilidades sociais, actitudes cooperativas, democráticas e cívicas, etc. Conséguese deste xeito un dobre obxectivo : EDUCAR E ENTRETER.

Na área deste concello detéctase a necesidade dunha actividade continuada deste tipo xa que moitos dos seus habitantes traballan noutras vilas ou cidades limítrofes.

2) DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

Durante o período da Aula Matinal levaríanse a cabo diversas actividades tales como manualidades con reciclaxe, animación á lectura, xogos e multideporte.

Cada día da semana estipulamos unha actividade, que irá modificándose segundo a temática:

- LUNS: Xogos
- MARTES: Animación á lectura.
- MÉRCORES: Animación musical.
- XOVES: Manualidades.
- VENRES : Animación cinematográfica.

Queremos que coñezan a nosa cultura e a nosa historia dunha maneira amena, a través de xogos, manualidades, murais.....

Actividades que queremos recalcar, entre outras:

- Día do Neno(20 de novembro).
- Día da Paz (30 de xaneiro).
- Día de Rosalía de Castro (24 de febreiro).
- Día da Muller Traballadora (8 de marzo).
- Día Mundial da Auga (22 de Marzo).
- Día Mundial do Libro (22 de Abril).
- Día Mundial do Medio Ambiente(5 de xuño).



3) DATOS DOS/DAS PARTICIPANTES NA ACTIVIDADE

A idade dos/das participantes irá dende os 3 aos 12 anos. Terase un monitor ou unha monitora por cada 25 membros e un mínimo de nenos/as que se acordará coa ANPA ou Centro Escolar (mínimo 13 nenos/as).

4) HORARIO BASE

O horario da aula matinal acórdase entre as dúas partes e a tarifa está calculada ás 7:30 da mañá ata a hora que comeza cada centro escolar.

5) TARIFA

-CONDICIÓNS

- A modalidade quincena consta de 11 días lectivos que se poden empregar semana sí, semana non, de maneira intermitente ou como as familias o necesiten, sempre e cando non se superen o número máximo de días. Ao superar esta cantidade pasarase a modalidade mensual.
- A reserva de praza será de 20€ que se descontará na mensuralidade de xuño **(sempre e cando o/a usuario/a permaneza 6 meses no servizo)**.
- Para poder levar a cabo o Servizo de Aula Matinal Rural en cada centro escolar, deberá de haber como mínimo un inscrito na modalidade mensual durante todo o Curso Escolar. Se o criterio anterior non se cumpre, non se levará a cabo a prestación do servizo.
- **Se por causa do/a usuario/a o recibo é devolto, o mes** O cobro realizarase a mes **ANTICIPADO** dende o 1 ao 10 de cada mes, mediante domiciliación bancaria, excepto:
 - o Os/as usuarios/as do servizo por días soltos, que o realizarán en efectivo no mesmo momento do uso do servizo. Solicitaranlle ao monitor ou monitora un recibo como xustificante do pago.
 - o Os/as usuarios/as que entren a mediados de mes, estes terán que pagarlle a tarifa que lles corresponda ao monitor/a ao que lle solicitarán un recibo como xustificante do pago. A partir do mes seguinte o recibo será domiciliado.
- **Se por causa do/a usuario/a o recibo é devolto, o mes seguinte asumirá o cargo de 4€ por motivos de gastos de xestión e comisións bancarias.**
- O **impago non xustificado** suporá a baixa temporal do/a alumno/a deste servizo ata ao pago do recibo. Se se repite, darase a baixa definitiva.
- **Para dar baixa voluntaria ou cambio na modalidade da actividade é NECESARIO cubrir o FORMULARIO DE MODIFICACIÓN OU BAIXA e entregalo no** rexistro xeral do concello de Pontearreas ou na sede electrónica(trámites destacados- instancia xeral). **DITO FORMULARIO PODERÁ RECOLLERSE NA AULA MATINAL DE CADA CENTRO ESCOLAR.**
- Nos meses de Setembro e Xuño realizarase o 20 % de desconto na modalidade mensual.



- Creación do **BONO CASTRO OCIO 6 DÍAS**, que está pensado para as familias que necesitan o uso da Aula Matinal en momentos puntuais durante a duración do curso escolar. Cada persoa que precise este bono, acercarse ao monitor ou monitora do dito servizo, realizará o pago en efectivo ou transferencia. Só será transferible para irmáns ou irmás.
- É obrigatorio que os pais e nais entreguen aos nenos ou nenas ao monitor ou monitora na aula matinal.
- **HABERÁ UNHA OPCIÓN DE PAGO TRIMESTRAL**, esta opción non poderá ser reembolsable en caso de baixa do servizo.

CONCEPTO	PREZO	PREZO DO SEGUINTE IRMÁN OU IRMÁS
MENSUAL	28€	25,50 €
TRIMESTRAL SETEMBRO- DECEMBRO	98 €	92 €
TRIMESTRAL XANEIRO- MARZO/ ABRIL-XUÑO	75 €	70,5 €
PREZO QUINCENA	18 €	17 €
PREZO BONO	20 €	
PREZO DIAS SOLTOS	4,50 €	4,50 €

Estas tarifas poderán ser modificadas, segundo a variación do I.P.C., no caso de que se prorrogue o servizo nos posteriores anos.